

ACTA NÚM. 1/2024.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2024.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 22 de xaneiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.12.2023.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE DE PERSOAL DO CONCELLO.

3º) SORTEO PÚBLICO PARA ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.12.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 15/2023, do 20.12.2023.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobalas.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE DE PERSOAL DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.01.2024, que transcrita di:

Visto o escrito asinado por Jorge Fernández Cobas, con DNI ***3293**, persoal laboral fixo do Concello, de data 04.10.2023, con rexistro de entrada no Concello núm. 202399900001443, no que expón que presta servizos no Concello ocupando o posto de xefe de equipo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) e que de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, solicita lle sexa concedida a compatibilidade para desenvolver un segundo posto de traballo no sector privado, por conta allea, na empresa AEROMEDIA UAV SL, no Grupo de Apoio Loxístico, en todo o territorio nacional e Portugal, sendo o obxecto social de dita empresa a produción de vídeo, fotografía, fabricación de RPAS entre outros. Dita segunda actividade realizarase fóra da xornada laboral e respectando os descansos mínimos entre xornadas, e non suporá nin modificación nin alteración da xornada de traballo nin das quendas ou horarios establecidos para o posto de xefe de servizo do GES.

Viso o informe técnico de data 25.10.2023 asinado por Galivalia Avogados, que en resumo conclúe:

2.- En todo caso, a concesión da compatibilidade non pode impedir ou menoscar o estrito cumprimento dos deberes, así como da xornada e horario de traballo, do empregado municipal. Polo tanto, se unha vez concedida a compatibilidade resulta que a segunda actividade no sector privado interfere nos asuntos e labores que o empregado debe realizar no GES do Concello de Brión, a Administración estaría lexitimada para revogar a súa compatibilidade.

3.- Sen prexuízo do anteriormente exposto, visto que o complemento específico que percibe o solicitante supera o 30% das súas retribucións básicas, previo á continuación da tramitación do actual expediente, deberá solicitarse por parte do interesado a renuncia ao complemento específico que actualmente ven percibindo, podendo quedar esta supresión condicionada á concesión da compatibilidade que se tramita no presente expediente.

4.- Aos efectos do establecido no punto anterior, deberá darse traslado ao interesado para que solicite a renuncia do complemento específico ou desista da súa solicitude, nun prazo de 10 días hábiles, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Requiriuse ao interesado para que manifestara se opta pola renuncia á percepción do complemento específico que actualmente ven percibido ou opta pola desistencia da súa solicitude de compatibilidade.

Con data 22.11.2023 o interesado presenta o seguinte escrito de alegacións:

1.- Que segundo o Tribunal Supremo (Sentenza núm. 168412019, de 5 decembro, da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) so é posible esixir a renuncia ao complemento específico para a concesión da compatibilidade cando estea expresamente recollido na RPT. Dado que o factor de incompatibilidade para o meu posto de traballo, na propia valoración de postos de traballo levada a cabo polo Concello, reciba a mínima puntuación (pois postos os

postos reciben algún tipo de puntuación en absolutamente todos os factores ponderados) e non os 50 puntos que reciben os postos aos que se lle recoñece esta incompatibilidade, pode dicirse que só se inclúe o factor de incompatibilidade nos postos de Secretario, Tesoureiro e Interventor. Por isto debe deducirse que non se pode esixir a renuncia ao complemento específico para a concesión da compatibilidade.

2.- Que en todo caso, a posibilidade de renuncia non atinxe á totalidade do complemento específico, senón só á parte que excede do 30% das retribucións básicas.

3.- Que as miñas retribucións básicas non son exclusivamente o salario base, senón tamén as cantidades que nas miñas nóminas se denomina Substitución superior categoría. Este concepto inclúe as diferenzas de salario base e antigüidade entre o grupo E e o grupo C1. Polo tanto, excluindo deste concepto a antigüidade, habería que engadir 2.789,78 € ás miñas retribucións básicas, sendo así 11.709,74 € en cómputo anual.

4.- De todo o dito resulta que podería conservar unha cantidade de 3.512,92 € en concepto de complemento específico, e, polo tanto, só tería que renunciar a 2.138,88 €, para o caso de non resultar de aplicación o exposto na alegación número 1.

Viso o informe técnico sobre as alegacións, de data 28.11.2023, asinado por Galivalia Avogados, que en resumo conclúe:

Primeira.- En relación coa sentenza que cita o traballador (Sentenza nº 1684/2019 do Tribunal Supremo), cabe sinalar que a mesma trata sobre un suposto totalmente diferente ao analizado no presente asunto, xa que nese caso o empregado público percibía un complemento específico inferior ao 30% das súas retribucións básicas, ao contrario do que sucede no caso de Don Jorge Fernández Cobas. De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 53/1984, non se atende ao factor de incompatibilidade, senón á contía do complemento específico no seu conxunto, de modo que para que poida outorgarse a compatibilidade resulta imprescindible que aquela contía non supere o 30 % das retribucións básicas, excluindo o percibido en concepto de antigüidade.

Segunda.- Sen prexuízo do anteriormente exposto, a disposición transitoria novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia esixe, como requisito imprescindible para obter a compatibilidade co exercicio de actividades privadas, a renuncia ao complemento específico cando o mesmo supera o 30% das retribucións básicas. O referido precepto só permite a posibilidade de renuncia ao complemento específico e non a redución do mesmo.

Terceira.- Por outra parte, en relación co concepto que o citado traballador percibe en nómina un coa denominación de “Diferenza CE superior categ. / Substitución superior categor”, compre sinalar que dito concepto é unha indemnización que o mesmo percibe pola atribución das funcións de coordinación e supervisión do GES que ven realizando na actualidade. A súa contía calcúlase, precisamente, pola diferenza no importe dos complementos específicos dos postos de traballo de peón e coordinador do GES. Polo tanto, o referido concepto non pode ter a consideración, en ningún caso, de retribución básica.

Cuarta.- Por último, cabe reiterar as consideracións expostas no informe emitido en data 25 de outubro de 2023 ao respecto da súa solicitude de compatibilidade, no que se conclúe que, visto que o complemento específico que percibe o solicitante supera o 30% das súas retribucións básicas, previo á continuación da tramitación do actual expediente, debe solicitarse por parte do interesado a renuncia ó complemento específico que actualmente ven percibindo.

Visto o escrito do interesado de data 22.11.2023, con rexistro de entrada 202399900001784 , no que en resumo sinala que recibida con data 30.11.2023 providencia de alcaldía, en

contestación ao meu escrito de alegacións presentado con data 22.11.2023, pola que se me require para que nun prazo de 10 días hábiles, manifeste a miña vontade de renunciar ou continuar coa solicitude de compatibilidade para desenvolver un segundo posto de traballo no sector privado, polo presente escrito, manifesto a miña vontade de continuar coa solicitude, optando pola renuncia á percepción do complemento específico que actualmente veño percibindo, todo isto aos únicos efectos de continuar co proceso de recoñecemento da miña solicitude de compatibilidade e sen que caiba entender ningunha renuncia pola miña parte a iniciar eventualmente accións xudiciais ou administrativas en defensa dos meus intereses.

Visto o expediente tramitado propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Recoñecer a Jorge Fernández Cobas, con DNI ***3293**, persoal laboral fixo do Concello, que ocupa o posto de xefe de equipo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), a compatibilidade para poder desenvolver outro emprego no sector privado, sen interferencia no seu emprego no Concello de Brión.

2º) Dar conta deste acordo aos Departamentos de Persoal e Intervención para ter en conta na confección da nómina correspondente ao interesado, para os efectos da renuncia ao complemento específico, logo da presentación polo interesado do documento que acredite a contratación pola empresa privada.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) SORTEO PÚBLICO PARA ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓN AUTONÓMICAS.

Realizado o sorteo público ao abeiro do disposto no art. 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, para a constitución das mesas electorais para as próximas eleccións autonómicas do 18 de febreiro, as mesmas quedan compostas do seguinte xeito:

Distrito 01 Sección 001 Mesa A
Centro Social Polivalente de Pedrouzos

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
VAZQUEZ	PEREZ	NATALIA	PRESIDENTE/A
MARTINEZ	SANTOS	CARMEN MARIA	1º. VOGAL
SANCHEZ	LIÑARES	JUAN CARLOS	2º VOGAL
SANMARTIN	ALMEIDA	TANIA	PRESIDENTE/A 1º Suplente
MELLA	FERREIRO	JUAN JOSE	PRESIDENTE/A 2º Suplente
MUGICA	FANJUL	IGNACIO	1º VOGAL 1º. Suplente

MATO	TACON	JAVIER	1º VOGAL 2º Suplente
GARCIA	REY	DAVID	2º VOGAL 1er. Suplente
GARCIA	PAZOS	SEVERO	2º VOGAL 2º Suplente

Distrito 01 Sección 001 Mesa B
Centro Social Polivalente de Pedrouzos

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
VILANOVA	CASAL	MANUEL	PRESIDENTE/A
ALONSO	ACEVEDO	SARA	1º. VOGAL
TRABA	NIETO	SANTIAGO	2º VOGAL
DUBERT	GARCIA	FRANCISCO XOSE	PRESIDENTE/A 1º Suplente
CASTRO	BLANCO	MARIO ALBERTO	PRESIDENTE/A 2º Suplente
ROSALES	VARELA	JOSE MANUEL	1º VOGAL 1º. Suplente
GARCIA	BEADE	ALBERTO	1º VOGAL 2º Suplente
AGRA	HOMBRE	JESUS	2º VOGAL 1er. Suplente
SILVA	SERRAMITO	MONICA	2º VOGAL 2º Suplente

Escola Infantil dos Ánxeles
Distrito 02 Sección 001 Mesa A

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
ANDRADE	UZAL	JOSE	PRESIDENTE/A
RIO DEL	ROMERO	MARIA TERESA	1º. VOGAL
BEADE	QUEIRUGA	PATRICIA	2º VOGAL
VAZQUEZ	RODRIGUEZ	NATALIA	PRESIDENTE/A 1º Suplente
PAMPIN	PAMPIN	LORENA	PRESIDENTE/A 2º Suplente
TEMBRA	ANTELO	MARIA TERESA	1º VOGAL 1º. Suplente
CRUSAT	GONZALEZ	JOSE	1º VOGAL 2º Suplente
FERNANDEZ	GONZALEZ	ISABEL	2º VOGAL 1er. Suplente
MARTINEZ	GROBAS	EVA	2º VOGAL 2º Suplente

Escola Infantil dos Ánxeles
Distrito 02 Sección 001 Mesa B

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
BLANCO	VEGA	FATIMA	PRESIDENTE/A
DOMINGUEZ	TOURIÑO	MARIO	1º. VOGAL
GARCIA	CONDE	FERNANDO	2º VOGAL
MONTERO	BARRERA	MIRIAM	PRESIDENTE/A 1º Suplente
RODRIGUEZ	SANCHEZ	MATIAS	PRESIDENTE/A 2º Suplente
BLANCO	ROMERO	EVA	1º VOGAL 1º. Suplente

CAPEANS	RIAL	MATEO	1º VOGAL 2º Suplente
GONZALEZ	BALEIRON	ANA ISABEL	2º VOGAL 1er. Suplente
CARAMES	GORGAL	CELESTINO	2º VOGAL 2º Suplente

Escola Infantil dos Ánxeles
Distrito 02 Sección 002 Mesa A

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
DARRIBA	FORTES	MATEO	PRESIDENTE/A
SANTOS	ASOREY	RAQUEL	1º. VOGAL
GOMEZ	LABANDEIRA	IRIA	2º VOGAL
VICENTE	DIAZ	JORGE	PRESIDENTE/A 1º Suplente
FERREIRO	PAMPIN	RAUL	PRESIDENTE/A 2º Suplente
NOVO	BOUZAS	BEATRIZ	1º VOGAL 1º. Suplente
VIEITES	SUAREZ	MARIA ANGELES	1º VOGAL 2º Suplente
ROMAN	MIGUEL	ADRIAN	2º VOGAL 1er. Suplente
MIRAS	MAZAS	BELEN	2º VOGAL 2º Suplente

Escola Infantil dos Ánxeles
Distrito 02 Sección 002 Mesa B

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
VIDAL	QUERENTES	PAULA	PRESIDENTE/A
PRIEDEZ	CASTRO	MARIA TERESA	1º. VOGAL
NUÑEZ	FESEFELDT	IRENE	2º VOGAL
LEAL	GOMEZ	MARIA CONCEPCION	PRESIDENTE/A 1º Suplente

PUENTE	BLANCO	ANA MARIA	PRESIDENTE/A 2º Suplente
SUERO	FERNANDEZ	ALICIA	1º VOGAL 1º. Suplente
ARIAS	RUIZ	RAQUEL	1º VOGAL 2º Suplente
LEON	REQUEIJO	DIANA	2º VOGAL 1er. Suplente
GIGIREY	LISTE	MARIA INMACULADA	2º VOGAL 2º Suplente

Escola Infantil de Sabaxáns
Distrito 03 Sección 001 Mesa A

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
OVIEDO	NOVIO	RAQUEL	PRESIDENTE/A
REY	JORGE	BELEN	1º. VOGAL
CASAL	TATO	ANA MARIA	2º VOGAL
DOMINGUEZ	GRELA	CARLOS	PRESIDENTE/A 1º Suplente
FIGUEIRA	COLLAZO	MARIA	PRESIDENTE/A 2º Suplente
GERPE	IGLESIAS	MARIA JOSE	1º VOGAL 1º. Suplente

LOPEZ	CAMIÑO	PATRICIA	1º VOGAL 2º Suplente
MARTINEZ	ABEIJON	DIEGO	2º VOGAL 1er. Suplente
VIQUEIRA	CALVO	MARIA ESTHER	2º VOGAL 2º Suplente

Sindicato Agrícola San Salvador
Distrito 03 Sección 001 Mesa B

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
MATO	FERNANDEZ	ZELTIA	PRESIDENTE/A
LAMAS	NIETO	JAVIER	1º. VOGAL
DUARTE	VAZQUEZ	JUAN FERNANDO	2º VOGAL
FORNES	PICHER	VICENTE	PRESIDENTE/A 1º Suplente
LOPEZ	SAMPEDRO	IRENE	PRESIDENTE/A 2º Suplente
BELLO	MARTINEZ	SERGIO	1º VOGAL 1º. Suplente
PATIÑO	MOSELVELD	DAVID JESUS	1º VOGAL 2º Suplente
CARLIN	SUAREZ	MARIA ISABEL	2º VOGAL 1er. Suplente
MUIÑO	OTERO	DAVID	2º VOGAL 2º Suplente

--	--	--	--

Teleclube Luaña
Distrito 04 Sección 001 Mesa A

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
CASAL	SUAREZ	JUAN MANUEL	PRESIDENTE/A
MOLDES	PAIS	MERCEDES	1º. VOGAL
CALVO	CARNOTA	RAMIRO	2º VOGAL
NIMO	SUAREZ	FELIX	PRESIDENTE/A 1º Suplente
MATO	BELLON	OLGA	PRESIDENTE/A 2º Suplente
LIAS	PAIS	MARIA DEL CARMEN	1º VOGAL 1º. Suplente
PAIS	SABUGUEIRO	MARIA DEL CARMEN	1º VOGAL 2º Suplente
GOMEZ	NEO	ANA MARIA	2º VOGAL 1er. Suplente
NEO	SOUTO	VANESA	2º VOGAL 2º Suplente

Teleclube Viceso
Distrito 04 Sección 001 Mesa B

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
BARREIRO	TOME	ROCIO	PRESIDENTE/A
PEDROUSO	FRAGA	ALFONSO	1º. VOGAL
BARCA	TOME	MANUEL	2º VOGAL
CARRIL	GONZALEZ	DIEGO	PRESIDENTE/A 1º Suplente
OTERO	OTERO	ANGELA	PRESIDENTE/A 2º Suplente
PEREZ	GARCIA	JAVIER	1º VOGAL 1º. Suplente

FREIRE	PEREZ	JOSE MANUEL	1º VOGAL 2º Suplente
RIVAS	CANTELAR	NOELA	2º VOGAL 1er. Suplente
BELLON	ESPARIS	ISABEL	2º VOGAL 2º Suplente

Acórdase igualmente que para o suposto de que a Xunta Electoral de Zona, por estimación das alegacións que se presenten polos designados ou por outro motivo, solicite a designación dalgún novo membro de mesa, se faga uso da listaxe de nove suplentes por posto confeccionada como resultado do sorteo informático celebrado no día de hoxe.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.
O alcalde
O secretario



Praza do Concello, 1
15865 – Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Vº e Prace
Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González